



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Expediente núm.: 340/2024

Bases que deben rexer a Convocatoria e o Proceso de selección

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Data de iniciación: 29/04/2024

**BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA.**

**PRIMEIRO. Obxecto da Convocatoria**

É obxecto das presentes bases a contratación en réxime temporal, polo prazo de 9 meses, do persoal seguinte:

Un/ha (1) peón forestal.

Contrato de 9 meses a xornada completa.

Nº TRABAJ.	DATOS TRABALLADOR/A		CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)			CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)			TOTAIS				
			SALARIO BRUTO (inc. plus es salariais)	P.P.PAGAS EXTRAS	CUSTO SALARIAL MENSUAL/BASE DE COTIZACIÓN (A)	CNAE (4 díxitos) / ou OCUPACIÓN	% COTA PATRONAL Á SEGURIDA DE SOCIAL	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (B)	TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B)	INDEM. F.C.	MESES	TOTAL CUSTO TRABALLADOR	TOTAL CUSTO TRABALLADOR (total custo mensual x nº meses x nº trabaxadores) SIN INDEMNIZACION
1	PEON FORESTAL	10	1.134,00	189,00	1.323,00	G	35,28 %	466,75	1.789,75	396,90	9 M	16504,65	16.107,75

**SEGUNDO. Modalidade do Contrato**

A modalidade do contrato é a de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego. O carácter do contrato é temporal, sendo a súa duración de 9 meses a partir da súa formalización, e en réxime de dedicación a tempo completo.

A xornada de traballo será de 37,5 horas semanas.

A contratación efectuarase previa oferta xenérica de emprego efectuada a través da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia de Pontearreas.

**TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes**





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Posuír a titulación esixida.

### **CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias**

Os aspirantes de acordo coa normativa que regula este tipo de axudas serán preseleccionados pola Oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia de Ponteareas sendo citados por esta para a súa presentación no Concello de Mondariz Balneario. Unha vez preseleccionados pola Oficina de Emprego poderán solicitar participar no proceso selectivo presentando instancia que se xunta a estas bases. **O prazo de presentación das solicitudes será dende o martes 14 de maio ata o mércores 15 de maio de 2024, ás 14:30.**

### **QUINTO. Admisión de Aspirantes**

Tendo en conta as especiais características dos postos e a súa temporalidade, o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados. Respecto aos méritos computables, será de acordo co artigo 14 da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Terán preferencia, segundo o especificado nas bases citadas os candidatos que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans.
- h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo de un día coa lista provisional de admitidos, e publicarase a relación de aspirantes admitidos e excluídos na sede electrónica deste Concello <http://mondarizbalneario.sedelectronica.gal> mediante o *Taboleiro de Anuncios, para maior difusión*, indicando a causa de exclusión e concedendo un prazo de *un día hábil* para que poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

### **SÉTIMA. Tribunal Calificador**

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A Comisión Seleccionadora estará integrada por persoal da administración pública e será nomeada por Resolución da Alcaldía.

A composición do tribunal calificador é a seguinte:

- Presidente: Severino Pérez Melón
- Suplente: María Macrina Rodríguez Prieto





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

- Vocais:

- o Romina Velasco Groba
- o José Luis Canabal Liñares
- o Daniel Lage Rey

Suplentes:

- Ana Celia Barcia Rodríguez
  - Gema Fernández Pita
  - Noelia Rodríguez Castro
- Secretario: María José López Rodríguez
  - Suplente: Lourdes Fernández Pérez

### OITAVA. Sistema de Selección e Desenvolvemento do Proceso

O tribunal reunirse o día 23 de maio de 2024 ás 9:00 e realizará a valoración dos méritos alegados polos aspirantes determinando a puntuación que lle corresponda de acordo co seguinte baremo de méritos:

#### 1. CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS. Máximo 5 puntos:

En concordancia co Artigo 14 da ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), establécense os seguintes criterios:

a. Mulleres condición de vítimas de violencia de xénero	0,5 puntos
b) Menores de 30 anos persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional	1 Punto
c) Persoas paradas de longa duración. (1 ANO)	1 punto
d) Persoas con discapacidade.	0,5 puntos
e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.	1 punto
f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.	1 punto
g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia ou persoas trans.	0,5 puntos
h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.	0,5 puntos
i) Aquelas persoas con carga familiares de 1º grao.	0,5 puntos (Cada membro) Máx 1,5 puntos

#### 2. EXPERIENCIA PROFESIONAL. Máximo 1,5 puntos:





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

1. Por cada mes completo de servizo prestado na administración local en postos e/ou función similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,30 puntos.
2. Por cada mes completo de servizo prestado noutras Administracións Públicas, en postos e/ou funcións similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,20 puntos.
3. Por cada mes completo de servizo prestado na empresa privada en postos e/ou funcións similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,20 puntos.

### 3. FORMACIÓN. Máximo 2 puntos:

#### CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO OU APROVEITAMENTO:

Pola participación en cada curso relacionado coas funcións a desenvolver, impartido polo INAP, EGAP, Sindicatos ou calquera outro Centro Oficial autorizado para impartirlos, incluídos os cursos de formación validados como libre configuración, relacionados estritamente coas funcións da praza,

- De duración igual ou superior a 500 horas: 1,00 puntos.
- De duración igual ou superior a 300 horas: 0,75 punto.
- De duración igual ou superior a 200 horas: 0,65 puntos.
- De duración igual ou superior a 100 horas: 0,5 puntos.
- De duración igual ou superior a 60 horas: e inferior a 100 horas: 0,4 puntos.
- De duración igual ou superior a 40 horas: e inferior a 60 horas: 0,3 puntos.
- De duración igual ou superior a 20 horas: e inferior a 40 horas: 0,2 puntos.
- De duración inferior a 20 horas, ou sen especificar nº de horas, incluído xornadas: 0,1 puntos.

Con carácter xeral, os traballadores e traballadoras desempregados/as beneficiarios/as destas contratacións que non participaran no ano anterior (data do contrato posterior a maio de 2023) neste tipo de programas no Concello terán preferencia absoluta sobre os que si participaron, valorando as súas solicitudes en primeiro lugar.

Aquela persoa candidata que obteña a máxima puntuación, logo da valoración das circunstancias persoais e méritos, será proposta para a praza. No caso de que haxa que dirimir un empate praza resolverase a favor do/a candidato/a que leve máis tempo sen ser contratado en programas de colaboración do Concello de Mondariz Balneario, e, de persistir o empate, aplicando e ponderando os criterios establecidos nas Bases da ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

Tanto a proposta da Comisión Seleccionadora como a Resolución de Alcaldía serán notificadas ó interesado mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web.





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

A Comisión de selección formulará proposta de contratación ó Sr. Alcalde, conforme co art.61-12-c) do R.D. 2568/86, de 28 de novembro.

O/a aspirante proposto/a achegará á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou informe de saúde que indique que é apto para a realización do traballo correspondente á praza ofertada.

Os/as que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou desta se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

### **NOVENO. LISTA DE RESERVA**

1.- Rematado o proceso selectivo, elaborárase unha lista de reserva, cunha validez de 9 meses dende o inicio do servizo, integrada polos candidatos/as que, tendo superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais as do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

2.- No suposto de que a lista de reserva se esgotara ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederáase a presentar nova oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia.

### **DÉCIMA. Incidencias**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

No non previsto nas bases, será de aplicación do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; a Lei 7/1985, de 2 de

abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

